

## O PSdeG enmendará no Parlamento a iniciativa do PP sobre a área sanitaria en Monforte e esixirá medidas concretas

**Os socialistas reclamarán que Monforte teña unha xerencia integrada propia con orzamento independente, e non só unha xerencia executiva, e que as “melloras” das que fala o PP se concreten co arranxo da fachada do hospital, comprometida hai anos cun orzamento de 400.000 euros, e coa posta en marcha das instalacións da UCI dotándoas de ucistas e profesionais para o seu funcionamento**

O PSdeG defenderá mañá no Parlamento de Galicia unha enmenda de modificación á iniciativa que leva o PP ao Parlamento sobre a área sanitaria integrada con respecto a Monforte, para “acabar co engano e os brindis ao sol do Goberno galego, que xoga co vocabulario para confundir á cidadanía” e así “obrigalos a que se posicionen sobre medidas concretas” para “que amosen o seu compromiso real coa sanidade da provincia de Lugo”. Os socialistas reclamarán que Monforte, ao igual que defenden para A Mariña, teña “unha xerencia integrada propia con orzamento independente”, e non só unha xerencia executiva. “Iso é o único que vale, e non que falen de manter o actual mapa ou as áreas, como eles din, porque iso é un intento de manipular a realidade”, critica o deputado Vicente Docasar.

Asimesmo, os socialistas, a través da deputada Carmen Acuña, pedirán que o PP aprobe medidas concretas e non se quede en falar de “melloras” sen contido, como recolle a súa iniciativa. Neste sentido, queren que a Xunta se comprometa, como mínimo, ao arranxo da fachada do hospital, que é un compromiso incumplido polo PP desde hai anos cun orzamento de 400.000 euros, e á posta en marcha das instalacións da UCI, dotándoas de ucistas e profesionais para o seu funcionamento.

Deste xeito, coa enmenda de modificación do PSdeG, o texto que os socialistas queren que o PP aprobe quedaría cos seguintes puntos:

1. Garantir a continuidade dos servizos, unidades e consultas existentes no Hospital Comarcal de Monforte, desenvolver cantas xestións e esforzos sexan necesarios para incrementalos e potenciar a súa calidade asistencial, ampliando a carteira de servizos.
2. Que na provincia de Lugo se manteñan as tres áreas sanitarias existentes centradas nos hospitais de Lugo, Monforte e Burela, que a implantación da xestión integrada de primaria e hospitalaria se centre en cada hospital comarcal, respectando o actual mapa sanitario, creando tres xerencias integradas autónomas e con orzamento propio: Lugo, Monforte e Cervo.
3. Levar adiante de inmediato as actuacións previstas para o Hospital Comarcal de Monforte, a mellora da fachada e a posta en marcha do servizo da UCI dotado dos ucistas e demais profesionais necesarios, co fin de garantir a mellor prestación para os pacientes e a realización do traballo dos profesionais con seguridade e calidade a fin de dar unha resposta óptima á demanda asistencial existente.